



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/32	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	10 de xullo de 2017
Duración	Desde as 20:00 ata as 20:55 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día



A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas os días 19 e 26 de xuño e 3 de xullo de 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 19 e 26 de xuño e 3 de xullo de 2017.

Expediente 4362/2017. Informe 933/17 (renovación pasaxe permanente)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Nº Rex Policía: 933/2017

ASUNTO: SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DE PASAXE PERMANENTE NA AVDA. BUEU, Nº 21-CANGAS

Vista a solicitude presentada por J. A. D., como administrador da Comunidade de propietarios do edificio "PARQUE", sita na Avda. de Bueu, nº 21-Cangas, a Policía Local informa que non existe inconveniente.

Informe policial 946/17 (baixa pasaxe permanente)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Expte. nº 4497/2017

Nº Rex.: 946/17

ASUNTO: BAIXA DE PASAXE PERMANENTE NAS BARREIRAS, Nº 7A-DARBO

Vista a instancia de A. G. M., na que solicita a baixa definitiva de pasaxe permanente nº 486, debido a que xa non utiliza a garaxe. Compróbase que o garaxe actualmente non existe e está destinado a cociña.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se a interesada está ao corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.



SEGUNDO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no acordo primeiro, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da “Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública”, se continuará pasando ao cobro a taxa correspondente pola existencia de entrada de vehículos.

Expediente 4540/2017. Solicitud de colocación de espello

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Nº Rex Policía: 954 / 2017

ASUNTO: SOLICITUDE DE ESPELLO SAÍDA DO CAMIÑO CUNCHIDO-SANTA MARTA

Vista da solicitude formulada por E. G. G., para a colocación dun espello na confluencia da Rúa Da Costa coa estrada de Santa Marta, infórmase que procede a instalación por tratarse dunha zona con visibilidade reducida.

Expediente 4533/2017. Solicitud de colocación de espello

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Nº Rex. Policía: 953/2017

Con relación a solicitude dun espello formulada pola Comunidade de Propietarios Garajes Cisne, informa que non procede colocar espello na confluencia da Avda. de Vigo, nº 33 coa Rúa Derribo, nº 9.

O que sí procede é repintar a calzada para que os turismos estacionen correctamente.

Expediente 3967/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº X. 3.967/2017.- A U. F. D. SA, con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, 204 PB, para Chamiceira- Hío, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha rede de baixa tensión soterrada canalización de 13 metros de líneas eléctricas soterradas de baixa tensión, de conformidade co proxecto presentado de data 23 de maio de 2.017, e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.



Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.



Expediente 1024/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° X 1.024/17.- Advertido un erro na redación do texto do acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de maio de 2017, polo cal se outorgou licenza de obras a J.M..R. H., con enderezo na Choupana, nº 15-2º-bloque 2ºB-Cangas, para en Menguíña-Aldán, construír unha vivenda unifamiliar, modifícase dito acordo no sentido en que as superficies autorizadas quedan do seguinte xeito: 127,70 m2., de soto; 162,05 m2., de planta baixa; 112,85 m2., de primeiro andar; e 30 m2., de piscina, de conformidade co proxecto visado o 1 de febreiro de 2017 elaborado pola arquitecta María Teresa Fernández Iglesias.

Expediente 3970/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° X. 3.970/2017.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, 204 PB, para en Balea Centro, nº15-Darbo, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha rede de baixa tensión soterrada, canalización de 27 metros de liñas eléctricas soterradas de baixa tensión, de conformidade co proxecto presentado de data 31 de maio de 2.017 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de dous mil trescentos noventa e nove euros con vinte e catro céntimos (2.399,24 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos



propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 3911/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 17.673.- (X 3.911/17).- a) Outorgar licenza municipal de primeira ocupación, a J.A.G.N, con enderezo en Donón, nº 18-O Hío, para vivenda sita en Donón-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal N° 17.552, , e os planos de final de obra visados o 6 de xuño de 2017, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 30 de xuño de 2017 e o informe proposta da xefa do servizo de data 3 de xullo de 2017.

Expediente 3479/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N.º.- 25.858.- (X 3.479/17).-

A) Conceder licenza de primeira ocupación a H. H. V., con enderezo na Avda. Castroviejo, nº 28- A Pedreira-Coiro, para vivenda sita en Menguíña-Aldán, construída ao abeiro da licenza municipal nº 24.685, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 3 de xullo de 2017 e o informe proposta da xefa do servizo da mesma data.

B) Aprobar a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

Expediente 3527/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 21.560.- (X 3.527/17).-

a) Outorgar licenza de primeira ocupación, a V.N. C. e R. S. O. M., con enderezo en Estrada Viso-Vilanova, nº 113-O Hío, para vivenda unifamiliar sita en Gandón-Aldán, construída ao abeiro da licenza municipal nº 21.022, o estado final de obra visados 24 de maio de 2017, visto os informes técnicos obrantes no expediente.

b) Aprobar a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

Expediente 4388/2017. Licenza de primeira ocupación



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 23.180.- (X 4.388/17).- a) Outorgar licenza de primeira ocupación a R. F. G., con enderezo en Donón, nº 58-O Hío, para vivenda sita en Donón-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal nº 22.274, e o estado final de obra visados o 4 de maio de 2017, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 3 de xullo de 2017 e o informe proposta da xefa de servizo da mesma data. b) Aprobar a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.	

Expediente 3931/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 3.931/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. R. R., para redistribución interior de vivenda e cambio de carpintería exterior, no lugar da rúa Xosé Vazquez Pintor, nº 9-Romarigo-Coiro, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a dezaseis mil catrocentos vinte euros (16.420,00 €).	

Expediente 3973/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 3.973/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por E. S. G., para substitución de cuberta en vivenda nunha superficie 106,20 m ² ., e conservación da cuberta en edificación adxectiva nunha superficie de 19,60 m ² ., no lugar de Longán-Coiro, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico José Ponce Yañez de data 12 de xuño de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a seis mil douscentos cinco euros con cincuenta e un céntimos (6.205,51 €).	

Expediente 3524/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 3524/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. S. M., con enderezo a efectos de notificacións na Rosada, nº 50B-Coiro para reconstrución parcial de caseta no lugar da Rosada, nº 50B-Coiro, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a trescentos euros (300,00 €).	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 3338/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 3.338/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. C. M., para cambio de tella na cuberta da vivenda de 73,00 m²., sita no lugar da Rocha, nº 22-San Pedro-Darbo, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico Rafael Soliño Costas de data 19 de maio de 2017 . O presuposto de execución das obras ascende a mil seiscentos trinta e oito euros con dez céntimos (1.638,10 €).</p>	

Expediente 1000/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 1.000/17).- Dase conta da comunicación previa presentada por C.F. R., para ampliación en altura e acondicionamento e mellora dun cerramento de 3,04 ml., no lugar de Aldea de Arriba, nº 76-Coiro, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a trescentos cincuenta euros (350,00 €).</p>	

Expediente 3483/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 3.483/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.A. M. P., para reparación de galpón de 31,73 m²., no lugar de Vilariño-O Hío, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico José Ponce Yañez de data 25 de maio de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil seiscentos oitenta e dous euros con sesenta e seis céntimos (3.682,66 €).</p>	

Expediente 2995/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 2995/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. C. M. C., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Alcalde Portanet, nº 26-8ºB, para cerramento provisional parcial de parcelas sitas en Reboredo-Coiro, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil setecentos oitenta e sete euros con oitenta céntimos (2.787,80 €).</p> <p>Deberá archivarase o expediente iniciado para declaración de ineficacia da comunicación previa presentado iniciado por Resolución da Alcaldía en data 25 de maio de 2017.</p>	



Concello de Cangas

Expediente 3562/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N.º X 3562/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. C. R., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Agustín Echeverri, nº 3-Cangas para apertura de oco e colocación de baranda en andar baixo cuberta da vivenda, sita en rúa Agustín Echeverri, nº 3 desta localidade, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil seiscentos trinta e cinco euros con vinte e cinco céntimos (2.635,25 €).

Expediente 3930/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N.º 3.930/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por T. B.P., para lavado e pintado de fachada da vivenda e substitución de malla metálica por cerramento de bloque, no lugar de Vilanova, nº 109-O Hío, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil trescentos euros (2.300,00 €).

Expediente 3845/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N.º 3845/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DO EDIFICIO CHOUPANA 1-3, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Lisboa, nº 1-3-Cangas, para reparación de rampla de acceso a garaxes de parcela, sita en rúa Lisboa, nº 1-3, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil cincocentos oitenta e sete euros (2.587,00 €).

Expediente 3897/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N.º 3.897/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. P. M. F., para solado exterior e reparacións interiores de edificación sita en Parada-Coiro, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil seiscentos noventa euros con cincuenta céntimos (3.690,50 €).

Expediente 3787/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 3787/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. M. R. F., con enderezo a efectos de notificacións en Outeiro de Balea, nº 50-Darbo, para cambio de tella en cobertizo destinado a garaxe de parcela, sito en Outeiro de Balea, s/n-Darbo, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil seiscentos euros (3.600,00 €).	

Expediente 3785/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº X 3.785/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por N. L. B., para legalización de reparacións exteriores na vivenda sita en Baixada á Praia de Nerga, nº 26-O Hío, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico F. M. L., de xuño de 2017 e condicións impostas pola Deputación Provincial de Vías e Obras de data 13 de febreiro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a nove mil cento dezaioito euros con oitenta e tres céntimos (9.118,83 €).	
Dése traslado desta comunicación ao servizo de disciplina vista a existencia do expediente de restauración da legalidade 273/2017 en tramitación.	

Expediente 4602/2017. Solicitud a Consellería de Infraestruturas e Vivenda ao abeiro da Orde do 23.06.2017 de participación na prórroga de rexeneración e renovación urbanas do plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2106	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
Vista a Orde da Consellería de Infraestruturas e Vivenda de data do 23 de xuño de 2017, pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 e se establecen as súas bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.	
Visto que o Concello de Cangas está integrada na Área de de Rehabilitación Integral, denominada Área de Rehabilitación de Cangas.	
Propoño á Xunta de Goberno Local:	
<u>Primeiro.-</u> Solicitar á Consellería de Infraestruturas e Vivenda participar no programa.	
<u>Segundo.-</u> Declarar que o Concello de Cangas se compromete a actuar como entidade xestora das actuacións, logo da sinatura do correspondente acordo específico.	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada para a actuación que se solicita, comprométendose de comunicar calquera outra axuda que se solicite ou conceda.

Cuarto.- Declarar que o Concello está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Quinto.- Declarar que o Concello non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para o obtención das axudas das previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexto.- Declarar que o Concello está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 13.2.g) da Lei 38/2013, de 17 de novembro e o artigo 10.2.g) da Lei 9/2017, de 13 de xuño, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

Sétimo.- Declarar que todos os datos que se formulen na solicitude son certos.

Expediente 3893/2017. POS 2017 LIÑA 1 NOVA CAPA DE RODADURA EN VÍAS MUNICIPAIS

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto retrácese da orde do día por xa existir acordo adoptado por esta mesma Xunta de Goberno Local en sesión de data 26.06.2017.

Expediente 4077/2017. Solicitude de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza por importe de dous mil douscentos sesenta e oito euros (2.268,00 €) depositado pola empresa "R, Cable y Telecomunicaciones SA", no expediente nº 23.031, licenza de obras nº 23.811.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 4076/2017. Solicitude de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza por importe de mil catrocentos catro euros (1.404,00 €) depositado pola empresa "R, Cable y Telecomunicaciones SA", no expediente nº 23.357, licenza de obras nº 23.022.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 4078/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza por importe de mil novecentos trinta e sete euros (1.937,00 €) depositado pola empresa "R, Cable y Telecomunicaciones, SA", no expediente nº 23.810, licenza de obras nº 23.030.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 554/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval (AUREA)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de mil catrocentos setenta e dous euros con setenta e nove céntimos (1.472,79 €) depositado pola empresa "Áurea Xestión Cultural", para a realización do servizo "Monitores/Monitoras para impartir cursos de persoas maiores para o período 2014-2015".

Segundo.- Notificar este acordo á empresa interesada.

Expediente 4543/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a S.M.D.R., co expediente nº: 36008/01/001906, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter psicosocial e educativo.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.

Custo do servizo: cento sesenta e oito euros con cincuenta e nove céntimos (168,59 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica). Servizo gratuíto

Número de horas: 13 horas/mes.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Data prevista de alta no SAF: xullo de 2017.

Expediente 4559/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a A.P.C., co expediente nº: 35167506 T-PO-56295, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.

Custo do servizo: oitocentos cincuenta e oito euros con trinta e un céntimos (858,31 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica) 18,03%. Cento vinte e nove euros con cincuenta céntimos (129,50 euros/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data prevista de alta no SAF: xullo de 2017.

Expediente 4569/2017. Concesión de axudas de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de Servizos Sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

* Concesión de axuda económica de seiscientos cincuenta euros (650,00 €) a J.C.M.P., con nº de NIE: X-07735710 M.

Expediente 4596/2017. Bases reguladoras das axudas de comedor escolar para alumnado EI e EP

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDA ETAPA) E EDUCACIÓN PRIMARIA DO CEIP CANGAS, CEIP HÍO, CEIP ESPÍNEIRA E CEIP A RUA DO CONCELLO DE CANGAS, CURSO 2017/2018

Xoán Carlos Chillón Iglesias, concelleiro de Ensino e Deportes do Concello de Cangas, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases reguladoras para a concesión de axudas do servizo de comedor destinado a alumnos/alumnas de Educación Infantil (segunda etapa) e Educación Primaria dos CEIP CANGAS, CEIP O HÍO, CEIP Espiñeira e CEIP A Rúa, para o curso 2017/2018.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria regular o sistema de concesión de becas de comedor, nos centros escolares que dispoñan deste servizo de catering para o curso 2017-2018, dirixidas a menores escolarizados na segunda etapa de educación infantil e educación primaria, nos CEIP de Espiñeira, O Hío, Nazaret e a Rúa.

As axudas de comedor van dirixidas a familias con dificultades socioeconómicas.

Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

SEGUNDA.- FINALIDADE

O fin último destas subvencións é o de favorecer a integración sociolaboral dos pais, nais, titores ou acolletores dos menores, apoiando as unidades familiares que por escasez de recursos económicos non poden afrontar o custo do comedor escolar dos menores

TERCEIRA.- INCOMPATIBILIDADES

As axudas municipais de comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, comprometéndose o solicitante a comunicalo e reintegralo ao Concello no caso de ter percibida outra axuda.

CUARTA.- SOLICITANTES/BENEFICIARIOS

A presente convocatoria establece como solicitante aos/ás pais/nais ou titor/a legal dos alumnos/alumnas matriculados para o curso 2017/2018 nos CEIP de O Hío, Espiñeira, Nazaret e A Rúa nos niveis de:

- Educación Infantil (2ª etapa): de 3 a 5 anos.
- Educación Primaria: de 6 a 12 anos.

As subvencións que se outorguen en calquera das modalidades, realizaranse en réxime de concorrência competitiva.

QUINTA.- REQUISITOS

Serán requisitos necesarios para solicitar as axudas os seguintes:

1. A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no concello de Cangas.
2. Convivir cos alumnos/alumnas para os que se solicitan as axudas.
3. Estar matriculado para, a segunda etapa de educación infantil ou educación primaria, no curso escolar de 2017/2018, no CEIP do Hío, Espiñeira, Nazaret, ou A Rúa, radicados no termo municipal de Cangas.
4. Debese contar con praza no comedor, de non ser así aínda tendo concedida a axuda non se fará efectiva.



5. Que os ingresos económicos da unidade familiar non supere os seguintes límites máximos de rendas obtidas no ano 2016: (150 % IPREM + 15 % por novo membro)

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
Familia de 2 membros	9.681,05 €	806,76 €/mes
Familia de 3 membros	11.133,21 €	927,77 €/mes
Familia de 4 membros	12.585,37 €	1.048,78 €/mes
Familia de 5 membros	14.037,53 €	1.169,79 €/mes
Familia de 6 membros	15.489,69 €	1.290,80 €/mes

Para os efectos destas axudas enténdese por unidade familiar a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, así como os seus fillos solteiros menores de vinteseis anos que convivisen no domicilio familiar ata a data da publicación da presente convocatoria. A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompe a convivencia para estes efectos. Nos casos de garda e custodia compartida dos menores para os que se solicita beca, contabilizaranse os ingresos de ambos proxenitores.

Terán a consideración de ingresos os de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais, industriais, agrarias, deportivas e artísticas, tanto de carácter fixo como eventual e outras.

Tendo en conta que as axudas están destinadas a familias con dificultades socioeconómica, as solicitudes que cumpran os requisitos, se valorarán segundo os seguintes criterios: ingresos da unidade familiar, nº de fillos en idade escolar e problemática social. Puntuándose cada unha delas segundo baremo que figura na base oitava das presentes bases. A puntuación individual acadada de cada unha das solicitudes priorizará a orde de concesión, dentro da capacidade orzamentaria consignada para tal concepto.

Poderá valorarse a situación económica do ano 2017 da unidade familiar, sempre que se demostre que o nivel de renda da economía doméstica sufriu un forte decaemento e que nestes momentos se cumpren os requisitos establecidos.

SEXTA.- CONTÍA DAS AXUDAS

As axudas a conceder mediante a presente convocatoria será de:

- Bonificación do 100 % do custo do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares perceptoras da RISGA ou cunha renda igual ou inferior a contía desta prestación [Ingreso mínimo: 75 % do IPREM (403,38 €) + Complemento familiar: 14 % do IPREM mensual adicional polo 2º membro (75,29 €) ; 12 % adicional polo 3º (64,54 €) ; 10 % adicional polo 4º e sucesivos (53,78 €) + Complemento de alugamento: 10 % adicional (53,78€), sempre que se xustifiquen gastos por dito concepto]

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
--------------------------	-----------------	-----------------



Concello de Cangas

Familia de 2 membros	6.389,40 €	532,45 €/mes
Familia de 3 membros	7.163,88 €	596,99 €/mes
Familia de 4 membros	7.809,24 €	650,77 €/mes
Familia de 5 membros	8.454,60 €	704,55 €/mes
Familia de 6 membros	9.099,96 €	758,33 €/mes

Bonificación do 85 % do custo do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125 % da contía da RISGA (Ingreso mínimo + Complemento familiar + Complemento de alugamento).

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
Familia de 2 membros	7.986,75 €	665,56 €/mes
Familia de 3 membros	8.954,75 €	746,24 €/mes
Familia de 4 membros	9.761,55 €	813,46 €/mes
Familia de 5 membros	10.568,25 €	880,69 €/mes
Familia de 6 membros	11.374,95 €	947,91 €/mes

Bonificación do 60% do custe do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125 % do IPREM + 15 % adicional por cada membro da unidade familiar.

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
Familia de 2 membros	8.067,54 €	672,30 €/mes
Familia de 3 membros	9.277,67 €	773,15 €/mes
Familia de 4 membros	10.487,80 €	874,00 €/mes
Familia de 5 membros	11.697,93 €	974,85 €/mes
Familia de 6 membros	12.908,06 €	1.075,70 €/mes

Bonificación do 50% do custe do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 150 % do IPREM + 15 % adicional por cada membro da unidade familiar.

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
Familia de 2 membros	9.681,05 €	806,76 €/mes
Familia de 3 membros	11.133,21 €	927,77 €/mes
Familia de 4 membros	12.585,37 €	1.048,78 €/mes
Familia de 5 membros	14.037,53 €	1.169,79 €/mes
Familia de 6 membros	15.489,69 €	1.290,80 €/mes

SÉTIMA.- FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As/os solicitantes presentarán as súas solicitudes a través do rexistro xeral municipal do Concello de Cangas, segundo o modelo que figura como anexo I, achegadas da documentación acreditativa do cumprimento de requisitos e circunstancias que permitan



avaliar as situacións sociofamiliares.

A documentación que deberá chegar ás solicitudes será a seguinte:

1. Fotocopia do DNI, NIE do/da solicitante en vigor.
2. Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas data de nacemento.
3. Volante de empadramento acreditativo da convivencia familiar, expedido polo Concello.
4. Xustificación da situación económica e laboral do ano 2016, de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos, mediante fotocopia da declaración do IRPF do exercicio 2016, no suposto de facela, correspondentes a cada un dos membros computables da unidade familiar; ou certificado negativo, no suposto de non estar obrigado a realizala, expedido pola Administración Tributaria de Facenda, achegada de (se é o caso):
 - a) Certificacións do INEM sobre prestacións e subsidios de desemprego.
 - b) Certificacións do INSS / ISM sobre pensións e prestacións percibidas.
 - c) Calquera outro documento xustificativo de ingresos (pensións de alimentos dos menores, rendas dos alugamentos ...).
5. Copia do imposto de actividade económicas (autónomos).
5. No caso de non poder acreditar a situación económica cos documentos anteriores, ou cando da situación declarada se desprenda unha falta de medios económicos para subsistir, terán que facer unha declaración responsable dos medios de vida (informe de signos externos).
7. No caso de separación ou divorcio, deberase aportar convenio regulador así como documento xustificativo das achegas económicas actualizadas, ou no seu defecto, denuncia por incumprimento.
3. Calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento de resolución.

No caso de que algúns documentos requiridos no poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración xurada de compromiso. Dita documentación presentarse antes da proposta de resolución, nun prazo máximo de 10 días. A matrícula do colexio, para curso 2017/2018, será comprobada en coordinación coa dirección dos centros educativos.

OITAVA.- TRAMITACIÓN E REPARACIÓN DE ERROS

PRIMEIRO.- Ordear aos establecementos indicados para que dean cumprimento inmediato ás obrigas establecidas na Ordenanza municipal reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOPPO núm. 144 de 27/07/2012) nos termos que indica o informe de 10 de xullo de 2017 do Departamento de Xestión de Ingresos Tributarios.

SEGUNDO. - Notificar esta resolución aos interesados advertindo que, en caso de incumprir a orde sinalada no apartado primeiro, o Concello procederá execución subsidiaria do levantamento da terraza a costa do obrigado e á incoación do correspondente expediente sancionador por infracción administrativa en materia de instalación de terrazas na vía pública, coa imposición das sancións procedentes.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL



Concello de Cangas

Dación de conta de sinatura de convenio de colaboración entre o Concello de Cangas, a "Fundación Galicia Obra Social" e "ABANCA Corporación Bancaria SA", para a realización da exposición "Oficios entre lusco e fusco".

A Xunta de Goberno Local queda informada do seguinte convenio de colaboración:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CANGAS, A FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA

En Cangas, a 6 de xullo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xosé Manuel Pazos Varela, con DNI 76328194A, na súa condición de alcalde-presidente do Concello de Cangas, domiciliado na Avda. Castelao-Cangas e con NIF P3600800A.

Doutra parte, Dna. María Teresa Cores, con DNI 35.456.940W, na súa condición de coordinadora da área de Cultura da Fundación Galicia Obra Social, domiciliada na Coruña, Cantón Grande 8 e con NIF G-70.270.293 (en adiante, «Afundación»).

Doutra parte, D. Pedro Alberto San Millán Lago, con DNI 36.114.147F, na súa condición de director da oficina de Cangas de ABANCA Corporación Bancada SA, domiciliada en Betanzos, Cantón Claudino Pita 4 e con NIF A-70.302.039 (en adiante, «ABANCA»).

Os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para o presente outorgamento na calidade na que cada un intervén e

EXPOÑEN

Que o Concello de Cangas, Afundación e ABANCA, que desenvolven un intenso labor no ámbito cultural, entenden de interese establecer unha relación de colaboración en beneficio da veciñanza do termo municipal de Cangas e lévana ao efecto consonte as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto a realización da exposición "Oficios entre lusco e fusco" na Sala de exposicións do Auditorio Municipal de Cangas, entre os días 5 e 30 de setembro de 2017.

Asemade, as entidades manifestan a súa favorable disposición a estudar a posibiidade de colaborar na realización doutras actividades que promove Afundación no marco do seu programa interxeracional denominado "O valor da experiencia".

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



SEGUNDA.- Afundación comprométese a emprazar os elementos que integran a exposición na sala de exposicións referida na estipulación primeira e a confeccionar as invitacións, carteis e demais elementos de difusión para dar a coñecer a exposición.

TERCEIRA.- Para a realización da exposición, o Concello de Cangas, pola súa conta exclusiva, habilitará o inmovible referido na estipulación primeira e farase cargo da adecuada seguridade deste, que permanecerá vixilado durante as datas nas que se desenvolva a exposición.

CUARTA.- Pola súa parte, ABANCA comprométese a fomentar a difusión da exposición referida na estipulación primeira do presente convenio.

QUINTA.- O Concello de Cangas, Afundación e ABANCA actuarán de xeito conxunto e coordinado para o cumprimento das súas obrigas e para levar a cabo as actuacións de difusión da exposición, onde tanto os nomes coma os anagramas destas figurarán de forma visible e destacada, ocupando un espazo similar.

SEXTA.- Cada entidade asume todas as responsabilidades que poidan derivarse das obrigas dimanantes das súas relacións xurídicas coas persoas, físicas ou xurídicas, coas que se relacione para o cumprimento das súas obrigas, resultando as outras entidades por completo alleas ás devanditas obrigas. Polo tanto, cada entidade manterá indemne as outras de calquera custo, incluíndo todo tipo de indemnizacións, sancións e gastos, derivado de reclamacións das persoas coas que se relacione.

SÉTIMA.- Os datos de carácter persoal relativos as persoas físicas representantes tanto do Concello de Cangas como de ABANCA recollidos no presente convenio, así como os demais datos do mesmo carácter relativos as ditas persoas que Afundación obteña como consecuencia do mantemento e/ou cumprimento deste convenio, serán incorporados aos ficheiros de Afundación para que esta poida efectuar o tratamento, automatizado ou non, dos referidos datos de carácter persoal para os efectos da xestión da relación entre Afundación e o Concello de Cangas e entre aquela e ABANCA, que neste convenio se establece. Nos termos previstos na lexislación vixente sobre protección de datos de carácter persoal, os afectados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento, dirixíndose por escrito a Afundación, entidade responsable dos ficheiros, no seguinte enderezo: COMITÉ LOPD, r/ San Andrés 135-137, piso 2, 15003, A Coruña.

Asemade, os datos de carácter persoal relativos as persoas físicas representantes tanto do Concello de Cangas como de Afundación recoUidos no presente convenio, así como os demais datos do mesmo carácter relativos as ditas persoas que ABANCA obteña como consecuencia do mantemento e/ou cumprimento deste convenio, serán incorporados aos ficheiros de ABANCA para que esta poida efectuar o tratamento, automatizado ou non, dos referidos datos de carácter persoal aos efectos da xestión da relación entre ABANCA e o Concello de Cangas e entre aquela e Afundación, que neste convenio se establece. Nos termos previstos na lexislación vixente sobre protección de datos de carácter persoal, os afectados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento, dirixíndose por escrito a ABANCA, entidade responsable dos ficheiros, no seguinte enderezo: Servizo de Atención ao Cliente, Rúa San Andrés, 135-137, Planta Baixa, 15003 - A Coruña.



Concello de Cangas

OITAVA.- A vixencia do presente convenio estenderase desde a data da súa sinatura ata o íntegro cumprimento das obrigas asumidas polas partes consonte a aquel.

En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a un só efecto e por triplicado, no mesmo lugar a data enriba indicados."

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Dación de conta de sinatura de convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto "Servizo de administración electrónica para concellos"

A Xunta de Goberno Local queda informada do seguinte convenio de colaboración:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA A IMPLANTACIÓN DO PROXECTO "SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS"

En Pontevedra, a 31 de marzo de 2017

REUNIDOS

Dona María del Carmen Silva Regó, Presidenta da Deputación Provincial, de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

D. Xosé Manuel Pazos Varela, Alcalde do Concello de Cangas, actuando en entación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas dispón, con carácter xeral, que os cidadáns non só teñen o dereito a relacionarse coa administración por medios telemáticos, senón que esta debe facilitar o acceso por medios electrónicos dos cidadáns á información e ao procedemento administrativo, con especial atención á eliminación dos obstáculos que limiten dito acceso.

Neste sentido, a promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións, así como o impulso da utilización interactiva destas, é unha competencia propia dos concellos de acordo co disposto, entre outros, nos artigos 25.2.ñ) e 70.bis.3 da Lei de bases de Réxime local.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Segundo.- Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra ten entre os seus fins xenéricos garantir a prestación integral e adecuada en todo o territorio da provincia dos servizos de competencia municipal, así como a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

Así mesmo, o artigo 36.1.g) da Lei de bases de Réxime local establece que é unha competencia propia das deputacións a prestación dos servizos de administración electrónica nos Concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes, precepto que dá efectividade á prestación duns servizos que esixen a aplicación da tecnoloxía informática que os municipios de pequena ou mediana poboación poden non estar en condicións de asumir.

Terceiro.- En relación co anterior, a Deputación de Pontevedra acordou aprobar, na sesión da Xunta de Goberno de 27 de maio de 2016, o expediente de contratación para a adxudicación do contrato relativo a un “ACORDO MARCO QUE REXERÁ A PRESTACIÓN DO SERVIZO PARA A IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS”, coa finalidade de dispor de medios técnicos necesarios para prover aos concellos da Provincia de Pontevedra dunha solución de administración electrónica que lles permitirá dispor dunha sede electrónica personalizada para a súa relación coa cidadanía e dun portal de tramitación para os empregados municipais que permitirá a xestión integral dos procedementos e expedientes por medios electrónicos.

Todos os servizos contratados prestaranse sen que os concellos deban asumir custo ningún de instalación ou dotación de infraestrutura hardware ou software derivada do uso do sistema ofertado.

Cuarto.- Mediante acordo da Xunta de Goberno adoptado en sesión realizada o 14 de outubro de 2016, adxudicouse o servizo para a implantación, uso e soporte dunha solución de administración electrónica para concellos de menos de 50.000 habitantes á empresa "AULOCE SA".

A duración do acordo marco será de 2 anos a contar desde a data de formalización deste.

Quinto.- O 9 de novembro de 2016 asinouse o contrato coa empresa "AULOCE SA", de forma que a Deputación de Pontevedra está en disposición de ofrecer, aos concellos da Provincia de Pontevedra que libremente se adhiran a este servizo, unha solución de administración electrónica que facilite aos cidadáns o acceso telemático aos servizos públicos en calquera momento e desde calquera lugar, con plenas garantías de seguridade e validez xurídica, de acordo co establecido na Lei 39/2015.

Sexto.- Tendo en conta que os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como se establece no artigo 57 da Lei de bases do Réxime local e no artigo 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e existindo vontade de colaboración das entidades comparecentes, as partes acordan subscribir este convenio segundo as seguintes:



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto regular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cangas para dotalo dunha administración electrónica, interconectada e transparente, mellorando a axilidade dos procedementos e expedientes administrativos e reducindo os tempos de tramitación cos servizos incluídos no proxecto “SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS”.

Estes servizos, á data da sinatura do contrato, son os seguintes:

** A implantación, parametrización e posta en marcha de todos os módulos que forman parte do servizo de administración electrónica. Desta maneira porase ao disposición do persoal técnico dos concellos unha xestión electrónica de expedientes e unha sede electrónica para as e os cidadáns.*

** Xestión do cambio mediante o cal se impartirán cursos de formación ao persoal que indique o Concello, necesarios para a aprendizaxe do novo contorno.*

** Soporte e mantemento correctivo e de adaptación e seguimento desde o momento de posta en produción e durante todo o período de garantía de proxecto que garantan a corrección de incidencias e a actualización e inclusión de novas funcionalidades.*

Segunda.- Obrigas do Concello

O Concello comprométese ao seguinte:

1.- Autorizar á empresa adxudicataria para que poida realizar todas as operacións necesarias para a implantación dos servizos enumerados no apartado anterior.

2.- Nomear a un interlocutor único, que actuará como persoa de referencia perante o organismo provincial no desenvolvemento do proxecto “SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS”. Para estes efectos a persoa interlocutora identificará as persoas idóneas para cada servizo ou área para facilitar a organización de reunións, a execución das tarefas e a obtención dos datos necesarios para a Deputación e a empresa adxudicataria. O Concello deberá comunicar, no prazo máximo de 5 días desde a sinatura do convenio, quen é a persoa que actuará como interlocutora.

3.- Pór a disposición da institución provincial e da empresa adxudicataria, no menor tempo posible e sempre nun prazo non superior a 10 días desde a súa solicitude, a información necesaria para facilitar a implantación da aplicación no Concello.

4.- Responder as consultas realizadas pola Deputación e a empresa adxudicataria no menor tempo posible, sempre nun prazo non superior a 7 días a partir da recepción da consulta.

5.- Colaborar de maneira activa co organismo provincial e coa empresa adxudicataria nas visitas ás instalacións do Concello, así como na resolución das dúbidas que puidesen xurdir



sobre a información obtida.

Terceira.- Obrigas da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra comprométese ao seguinte:

- 1.- Encargarse da implantación e parametrización no Concello dos servizos que require o proxecto “SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS”.*
- 2.- Respectar e protexer a confidencialidade dos datos propiedade dos concellos adoptando as medidas de seguridade que sexan necesarias para tal fin, garantindo o cumprimento do establecido no artigo 12 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal (LOPD) e do Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o regulamento do desenvolvemento da LOPD.*
- 3.- Organizar os cursos de formación necesarios para que o persoal do Concello poida coñecer adecuadamente o contido dos servizos incluídos neste proxecto, así como prestar a asistencia técnica que o Concello necesite.*
- 4.- Comunicar ao Concello calquera modificación na prestación dos servizos de administración electrónica debida a cambios tecnolóxicos ou legais.*
- 5.- A prestar o servizo, a través da empresa adxudicataria, sen ningún custo económico para o Concello.*

Cuarta.- Protección de datos

O Concello autoriza o tratamento dos datos de carácter persoal que precise realizar a empresa adxudicataria para desenvolver o proxecto.

Neste sentido, tanto o organismo provincial coma a empresa adxudicataria comprométese a adoptar as medidas de índole técnica e organizativas necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

En calquera caso, nin a Deputación de Pontevedra nin a empresa adxudicataria empregarán con outra finalidade os datos nin os comunicarán en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo por excepcións legais ou por mandato do titular da información.

Quinta. Confidencialidade

A institución provincial e a empresa adxudicataria comprométese a cumprir e facer cumprir os deberes de segredo profesional e confidencialidade establecidos no artigo 10 da LOPD.

A empresa adxudicataria ten o compromiso de respectar o carácter confidencial da información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato, como se establece no artigo 140 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto



refundido da Lei de contratos do sector público.

Sexta.- Duración

Este convenio producirá efectos desde o momento da súa sinatura e terá vixencia durante o prazo de dous anos, que poderán ser prorrogados ata dous anos máis no caso de que se prorrogue o acordo marco que rexe o procedemento de contratación deste servizo.

A prórroga deberá acordarse expresamente por mutuo acordo das partes, sen que poida producirse o seu consentimento tácito.

Sétima.- Réxime económico

O desenvolvemento coordinado do proxecto entre as partes asinantes levarase cabo nos termos que establece este convenio, sen custo económico para o Concello.

Oitava.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, previos os informes preceptivos da unidade xestora e da Intervención e Secretaría Xeral da Deputación.

Novena.- Seguimento dos traballos

Para avaliar o desenvolvemento do convenio de colaboración constituirase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de cada institución asinante, actuando como presidente desta un dos representantes da Deputación.

Esta comisión encargarse do seguimento das actuacións e avaliación dos resultados e desenvolverase durante toda a duración do convenio de xeito continuado.

A comisión ditará as súas propias normas internas de funcionamento, reunirse cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, como mínimo unha vez ao ano; ostentará a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

Décima.- Resolución do convenio

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga deste.*
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.*
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*



Neste caso, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Es requirimento tamén será comunicado á comisión de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*
- e) Por imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.*
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas noutras leis.*

Undécima.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polas súas propias cláusulas. En defecto destas, polas normas xerais do dereito administrativo.

Duodécima. Resolución de conflitos

Mediante a sinatura deste convenio as partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir entre as partes durante o desenvolvemento e execución deste convenio e que non poidan ser resoltas pola Comisión de seguimento prevista na cláusula novena someteranse á xurisdición contencioso-administrativa.

Despois de ler as dúas partes este convenio asínanno como proba de conformidade e por duplicado no lugar e a data que se indican máis arriba."

Decreto de Alcaldía 2017-0677.- Aprobación expediente de ocupación de dominio público con carpas/bar durante as Festas do Cristo 2017

Dase conta do decreto de Alcaldía número 2017-0677 relativo ao expediente de ocupación de dominio público con carpas/bar durante as Festas do Cristo 2017, que literalmente di:

"Vistas as bases que rexerán a concesión das autorizacións para a explotación das 14 carpas/bar, que se instalarán no recinto feiral das naves de Ojea durante as Festas do Cristo 2017, que literalmente din:

'CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO

É obxecto desta convocatoria a concesión da autorización para a explotación das 14 carpas/bar que se instalarán no recinto feiral das naves de Ojea durante as Festas do Cristo



2017.

CLÁUSULA 2ª.- DESTINATARIOS

Poderán presentarse a esta convocatoria todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dun negocio de hostalaría (bar, cafetería, pub, etc.) que acrediten estar en condicións de contratar coa Administración, o que supón non ter débedas coa Axencia Tributaria estatal, autonómica, local, nin coa Seguridade Social. Cada solicitante só poderá optar á concesión da autorización de explotación dunha carpa.

CLÁUSULA 3ª.- PRAZO DE DURACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

As autorizacións outórganse polo prazo previsto de duración das Festas do Cristo 2017, desde o xoves 24 de agosto ata o sábado 2 de setembro.

CLÁUSULA 4ª.- CANON DE CONCESIÓN

Establecese un canon de mil euros (1000,00 €) que deberán aboar na Tesourería municipal os adxudicatarios da autorización no prazo de 3 días hábiles posteriores á notificación da concesión.

CLÁUSULA 5ª.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo presentar solicitudes será de 5 días hábiles desde o seguinte ao da publicación do anuncio na web do Concello de Cangas (www.cangas.org). As solicitudes de autorización dirixiranse á Concellería de Cultura e Normalización Lingüística e unicamente poderán ser achegadas no Rexistro Xeral do Concello, de luns a venres en horario de 9:30 a 13:30 horas.

CLÁUSULA 6ª.- DOCUMENTACIÓN

Os solicitantes deberán achegar a correspondente solicitude (segundo o modelo que consta no anexo I desta convocatoria) achegada da seguinte documentación:

- o Copia do DNI da persoa que asina a solicitude e copia do NIF da empresa no seu caso.*
- o Xustificantes expedidos pola Axencia Tributaria (estatal e autonómica) e Seguridade Social que acrediten estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e sociais.*
- o Xustificante de non ter débedas co Concello de Cangas (pode solicitarse na oficina do ORAL)*
- o Copia da licenza de apertura do negocio do que sexa titular.*
- o Xustificante de estar dado de alta no IAE no epígrafe que corresponda.*

CLÁUSULA 7ª.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

Rematado o prazo de achega de solicitudes, reunirse unha comisión avaliadora destas para os efectos de comprobar que reúnen os requisitos establecidos nesta convocatoria. En caso de que a documentación achegada incumpra o esixido, o solicitante será requirido para que no prazo de 2 días hábiles proceda á súa emenda. Rematado este prazo a comisión avaliadora declarará as solicitudes admitidas e as rexeitadas motivando o motivo de tal rexeitamento.

CLÁUSULA 8ª.- OUTORGAMENTO DAS AUTORIZACIÓNS

A concesión das 14 autorizacións realizarase mediante sorteo entre todas as solicitudes admitidas no día e hora que será publicado previamente na web do Concello de Cangas (www.cangas.org). Rematado o sorteo, notificarase aos adxudicatarios a concesión da carpa que lle correspondera, requiríndoos para que no prazo de 3 días hábiles procedan a depositar na tesourería municipal o importe do canon establecido mil euros (1000 €). En caso de que no dito prazo non cumbran con esta obriga, entenderase que renuncian á carpa concedida.



CLÁUSULA 9ª.- OBRIGAS DOS CONCESIONARIOS DAS CARPAS

Os adxudicatarios das autorizacións para a explotación das carpas deberán cumprir coas seguintes obrigas:

- Ø Os hostaleiros autorizados explotarán a carpa adxudicada con carácter de exclusividade, quedando totalmente prohibida a cesión ou subarrendo da autorización.*
- Ø As carpas serán instaladas polo patrocinador oficial do recinto feiral, atendendo ao resultado da licitación específica para a concesión de patrocinio.*
- Ø Conservar en perfecto estado as instalacións obxecto da concesión.*
- Ø Cumprir coa normativa vixente en materia de hixiene na expedición e venda de alimentos e bebidas.*
- Ø Manter limpo o espazo en que se desenvolva a súa actividade e deixalo no mesmo estado unha vez finalizada a actividade.*
- Ø Expoñer de forma visible a lista de prezos das bebidas e demais produtos de venda ó público.*
- Ø O persoal, en todo momento, gardará a debida aparencia e trato correcto co público.*
- Ø Deberán utilizarse con carácter preferente envases de material desbotable que ofrezca unhas mellores condicións hixiénicas.*
- Ø Exposición de cartel, ben visible, que indique a prohibición de venda de bebidas alcohólicas a menores de 18 anos.*
- Ø Garantir unha limpeza adecuada e evitarse na medida do posible a acumulación de lixo.*

CLÁUSULA 10ª.- DEREITOS DOS CONCESIONARIOS DAS CARPAS

- Ø Utilizar os bens e instalacións afectados á carpa/bar.*
- Ø Percibir do público os prezos correspondentes polos servizos que preste.*

CLÁUSULA 11ª.- EQUIPAMENTO DAS CARPAS

As 14 carpas obxecto desta concesión terán as mesmas características, todas elas cunhas dimensións de 5m x 5m, co equipamento explicitado no prego de patrocinio:

- Ø O Concello de Cangas contratará un servizo de vixilancia e seguridade das carpas en horario de 2:00 a 10:00 horas de luns a xoves e de 4:00 a 11:00 horas nas fins de semana e festivos. Fóra dese horario son os propios hostaleiros os que deben facerse cargo da seguridade das carpas e da súas mercadorías.*

CLÁUSULA 12ª.- PREZOS DE VENDA AO PÚBLICO

Os hostaleiros adxudicatarios das carpas deberán negociar e chegar a un acordo en canto ao prezo de venda ó público de todas as consumicións que se poñan á venda, que deberá ser o mesmo nas 14 carpas. Este acordo deberá plasmarse por escrito que será comunicado ao



Concello de Cangas

Concello de Cangas para os efectos de garantir o seu cumprimento.

CLÁUSULA 13ª.- HORARIOS DE APERTURA DAS CARPAS

Os horarios para as carpas serán os estipulados na ordenanza aprobada o 30 de xuño de 2017 titulada: Ordenanza de atracións, feiras desmontables, casetas e similares, durante as Festas do Cristo". No CAPÍTULO I, Art. 2 di:

-Apertura: 18:00 h

-Peche:

Venres, sábados, domingos e festivos 3:30 h.

Resto dos días 1:30 h.

CLÁUSULA 14ª.- INCUMPRIMENTOS E SANCIÓN

Os adxudicatarios das carpas poderán ser sancionados polo incumprimento das obrigas recollidas nesta convocatoria e calquera outra que se derive da lexislación vixente que sexa de aplicación. O Concello de Cangas poderá sancionar aos hostaleiros que incorran en tales incumprimentos impondo sancións que poden ir desde o simple apercibimento ata a prohibición de presentarse a esta convocatoria nas seguintes edicións que se convoque. Para a imposición de sancións terase en conta a gravidade dos feitos e a reiteración na súa comisión.

Considéranse incumprimentos moi graves tanto o feito de non respectar os prezos consensuados polos hostaleiros, como incumprir os horarios de peche recollidos na cláusula anterior. Ámbolos dous feitos serán sancionados coa prohibición de ser adxudicatario dunha carpa-bar nas próximas edicións.

CLÁUSULA 15ª.- EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN

As autorizacións extinguíranse polo transcurso do tempo polo que foran outorgadas sen necesidade de acordo expreso que declare a extinción. A extinción da autorización non dará dereito a ningún tipo de indemnización calquera que sexa outra causa pola que se produza a extinción.'

Examinada a documentación que a achega e de conformidade co establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO.- De acordo co disposto no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, avogar a competencia para a aprobación do expediente de concesión das autorizacións para a explotación das 14 carpas/bar que se instalarán no recinto feiral das naves de Ojea durante as Festas do Cristo 2017, competencia delegada por esta Alcaldía con data 2 de xullo de 2015 na Xunta de Goberno Local, para os efectos de axilizar a tramitación do expediente.

SEGUNDO.- Aprobar as bases que rexerán a concesión das autorizacións para a explotación das 14 carpas/bar, que se instalarán no recinto feiral das naves de Ojea durante as Festas do Cristo 2017.

TERCEIRO.- Que se continúe a tramitación do expediente de conformidade co disposto na base 5ª da sinalada convocatoria.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se realice."

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local queda informada.

Decreto de Alcaldía 2017-0680.- Aprobación expediente contrato privado de patrocinio Festas do Cristo 2017

Dase conta do decreto de Alcaldía nº 2017-0680, relativo á aprobación do expediente de contratación do contrato privado de patrocinio Festas do Cristo 2017, que literalmente di:

"Detectada a necesidade de realizar un contrato de patrocinio para a promoción do recinto feiral das Naves de Ojea durante as "Festas do Cristo 2017" como medio para promocionar tal espazo como centro neurálxico das festas patronais; considerando, dadas as características da contratación como procedemento máis axeitado é o procedemento negociado sen publicidade.

Incorporado ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que con data 10 de xullo de 2017 emitiuse informe por Secretaría sobre a lexislación aplicable, o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato e malia o disposto neste.

Examinada a documentación que a achega e de conformidade co establecido no artigo 110 e na Disposición adicional segunda do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- *De acordo co disposto no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, avogar a competencia para a aprobación do expediente de contratación do contrato privado de patrocinio para a promoción do recinto feiral das Naves de Ojea durante as festas patronais do Concello de Cangas, "Festas do Cristo 2017", competencia delegada por esta Alcaldía con data 2 de xullo de 2015 na Xunta de Goberno Local, para os efectos de axilizar a tramitación do expediente.*

SEGUNDO.- *Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato privado de patrocinio para a promoción do recinto feiral das Naves de Ojea durante as festas patronais do Concello de Cangas, "Festas do Cristo 2017".*

TERCEIRO.- *Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato.*

CUARTO.- *Solicitar oferta, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, que serán determinadas polo concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística.*

QUINTO.- *Dar conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se realice."*

A Xunta de Goberno Local queda informada.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850